

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO PARA A COLOCACIÓN DE CORDAS COLECTORAS DE SEMENTE DO MEXILLÓN NO ÁMBITO DE COMPETENCIA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA

ANTECEDENTES

1. O 28/02/2024 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ditou resolución pola que autoriza, con carácter extraordinario, a colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea, así como o aumento da lonxitude das cordas colectoras ata os 12 metros en todos os polígonos de cultivo de Galicia, podendo manterse as cordas na batea ata o 30/09/2024.

2. Mediante resolución do 29/02/2024 esta dirección territorial resolveu modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente de mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial desta dirección, as ditas cordas poderán colocarse dende o 1 de marzo ata o 30 de setembro do 2024.

3. O día 18/09/2024, RIANOSA (ASOCIACIÓN PRODUCTORES MEJILLONEROS RÍA NOSA DE MOAÑA) solicitou a modificación do período de permanencia das cordas colectoras de semente de mexillón ata o 30 de novembro de 2024.

4. O 24/09/2024 solicitouse informe aos membros da Comisión do Mexillón.

En contestación á petición formulada, emitiron informe, formulando nalgúns casos as respectivas peticións individuais, as seguintes entidades: Sociedade Cooperativa de Mexilloeiros de Galicia Socomgal, Asociación de Mejilloneros "San Saturnino", Asociación de Mejilloneros Profesionales A' Marxa, Amegrove Soc. Cooperativa Galega, Asociación Mexilloeiros Illa de Arousa e Organización de Productores de Mexillón de Galicia "Opmega".

5. O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe, o 27/09/2024, respecto das ditas solicitudes, no que no deixa constancia de que *"non observa ningún inconveniente en que se concedan con carácter excepcional as pretensións mencionadas."*





6. O 27/09/2024 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ditou resolución pola que modifica o prazo establecido na resolución do 28/02/2024 pola que se autorizou, con carácter extraordinario e atendendo ás circunstancias desta campaña, a colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea, así como o aumento da lonxitude das cordas colectoras ata os 12 metros en todos os polígonos de cultivo de Galicia, de forma que as cordas colectoras poderán manterse na batea ata o 30/11/2024.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. O artigo 36 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, dispón: "*1. Poderán colocarse cordas colectoras de semente do mexillón sempre que o número total de cordas da batea non sobrepase a densidade e número máximo a que se refire o artigo anterior.*

2. Independentemente do recollido no punto anterior, no período que vai dende o 1 de abril ata o 30 de setembro, autorízase a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas de modo que o seu número non sobrepase as 100 respecto ao máximo que lle corresponde á dita batea.

*Cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie, modificándose a época de fixación larvaria, a delegación territorial (agora dirección territorial), dentro do ámbito da súa competencia **poderá variar o dito período, previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa.***

En todo caso, unha vez finalizado o período, o número de cordas axustarase ao que corresponda á batea."

Segunda. Mediante resolución do 29/02/2024 esta dirección territorial resolveu modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente de mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial desta dirección, as ditas cordas poderán colocarse dende o 1 de marzo ata o 30 de setembro do 2024.

Esta modificación do período acordouse, atendendo ao informado polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica o 27/02/2024: "*As alteracións motivadas polo cambio climático nas condicións oceanográficas e ambientais provocan que cada vez sexan máis frecuentes os desprendementos de mexillón e a escaseza de mexilla nas rochas na época hábil de recollida. Ademais, a dependencia dos factores*





climatolóxicos nos desoves do mexillón, así como a limitación das zonas para a extracción de semente de mexillón en banco natural, levan consigo ter en consideración a petición do sector, no que respecta á ampliación do prazo para a colocación de cordas colectoras [...] Así mesmo, a maior necesidade de semente debido a cambios nas demandas de mexillón de talla máis pequeno para o consumo en fresco, favorecen a necesidade de buscar alternativas para que os bateiros se poidan abastecer de semente de mexillón, para complementar á recollida en rocha e evitar unha dependencia desta. Neste senso, os informes de recontos larvários feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións mariñas (CIMA) - http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I_Larvas2.aspx. -, amosan que, nas últimas semanas, se está a producir un incremento das larvas umbonadas. Esta situación aconsella a colocación anticipada das cordas colectoras para aproveitar os previsibles picos de fixación [...].”

Por conseguinte, tendo en conta que o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe o 27/09/2024, respecto das solicitudes de modificación do período de permanencia das cordas colectoras ata o 30/11/2024, no que deixa constancia de que *“non observa ningún inconveniente en que se conceda con carácter excepcional as pretensións mencionadas”*, ao manterse as mesmas circunstancias que motivaron o ditado da resolución do 29/02/2024 desta dirección territorial, procede modificar o período de permanencia das cordas colectoras, de forma que podan manterse ata o 30/11/2024.

Terceira. De acordo co citado artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á directora territorial da Consellería do Mar na Coruña.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial deste departamento, as ditas cordas poderán manterse na batea ata o **30 de novembro do 2024**.

A dita modificación do período de permanencia das cordas colectoras queda suxeita ás seguintes condicións:





Primeira. A modificación afecta á permanencia dos cordas colectoras colocadas no período legalmente establecido para este ano 2024, tendo en conta que por resolución da Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica do 28/02/2024 autorizouse, con carácter extraordinario e atendendo ás circunstancias excepcionais, a colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea, así como o aumento de lonxitude das cordas colectoras ata os 12 metros en todos os polígonos de cultivo de Galicia.

Non se autoriza a colocación de novas cordas colectoras respecto das xa colocadas no período legalmente establecido.

Segunda. Todas as persoas concesionarias que fagan uso desta condición deben comunicar estas circunstancias con antelación suficiente á Subdirección Xeral de Acuicultura, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do procedemento PR004A ou a través do correo electrónico: servizo.innovación.acuicultura.cmr@xunta.gal.

Terceira. Seguimento da recollida de semente de mexillón nas cordas colectoras

Os concesionarios deben realizar a declaración de recollida de semente de mexillón nas cordas colectoras. A Consellería do Mar ten establecido como ferramenta de comunicación entre os concesionarios de viveiros e a Administración, a declaración de captación de semente de mexillón a través da aplicación informática de expedición de documentos. A ferramenta web permite a declaración de obtención de semente de mexillón en cordas colectoras, a cal poderase utilizar dende diferentes dispositivos, tanto dende unha aplicación telemática como dende o TICPESC ou dende o móbil (aplicación MOVITIC). Os concesionarios de viveiros deberán achegar a seguinte información:

O nome do viveiro, a súa localización, a data de colocación de ditas cordas, o número de colectores totais no viveiro, a cantidade de semente de mexillón recollida por corda colectora, o tamaño medio e o viveiro de destino da dita semente.

En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, os titulares dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.

Cuarta. De acordo co artigo 36.3 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivo nas augas de Galicia, as cordas colectoras terán libre un dos seus extremos e deberán estar claramente identificadas mediante unha marca de cor vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que as diferencien perfectamente das cordas de engorde.

2. Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Mar, no prazo





dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña

A directora territorial da Coruña

